



Orde de selección das direccións

A convocatoria afecta a 146 centros e a CIG-Ensino insiste en mudar a normativa para evitar o concurso cando hai persoas candidatas no propio centro con apoio do Claustro e o Consello Escolar.

Ligazón ao novo anexo remitido pola Consellaría.

Queda pendente da matrícula en EI o CEIPP de Cartelle

Avaliación da función directiva

No Artigo 13 do Decreto 222/2022 faise referencia á duración do mandato e renovación:

1. Os directores e directoras serán nomeados por un período de catro anos. O nomeamento poderá ser renovado, por petición das persoas interesadas, pola persoa titular da xefatura territorial da consellería competente en materia de educación, por períodos de igual duración, ata un máximo de tres mandatos, logo de avaliación positiva do traballo desenvolvido ao final destes, oído o consello escolar. Os criterios e procedementos desta avaliación serán públicos.

Seguimos sen unha nova orde que regule este procedemento de avaliacións, a CIG-Ensino entende que para esta avaliación seguiría en vigor a orde Orde do 21 de decembro de 2010 pola que se regula o procedemento de avaliación das direccións dos centros docentes públicos en que se imparte algunha das ensinanzas reguladas na Lei orgánica de educación. xa que o mesmo decreto na súa **Disposición derogatoria única** di *queda derogado o Decreto 29/2007, do 8 de marzo, polo que se regula a selección, nomeamento e cesamento dos directores e directoras dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 maio, de educación. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste decreto.* E para nós é claro que a votación que marca a orde non se opón en nada ao que establece o decreto, sería discutíbel a votación en claustro ou non, pero nunca a votación no consello escolar.



Direccións con xubilación forzosa

Ano tras ano temos direccións, nas que as persoas directoras xubiláanse forzosamente durante o curso, aínda que se lles permite rematalo e continuar no cargo até o 31 de agosto, solicitamos que sexan cesadas a 30 de xuño para que as súas prazas poidan saír no concurso do ano en curso, evitando así o nomeamento accidental -ou herdanza- das novas direccións.

Este ano somos coñecedores desta situación ao menos no IES A Pinguela de Monforte ou no IES Sanxillao de Lugo. **A administración di que cesar a estas direccións é ir en contra dos dereitos destas persoas.**

Unha convocatoria sen novidades relevantes porque o impide o Decreto

No ano 2022 a CIG-Ensino foi a única organización sindical que criticou, na negociación do Decreto 222/2022, que este detallase tanto o proceso de selección. Non foi por capricho. Eramos conscientes que a intención da Consellaría era evitar ter que debater ano tras ano as demandas sindicais para mellorar un sistema de selección rexeitado pola maioría sindical da Mesa. Hoxe vemos o resultado daquela decisión: na orde non hai practicamente nada relevante que poida ser modificado, sen desviarse do marco legal fixado polo Decreto e a LOE.

As única novidade que recolle a convocatoria deste ano é que cando especifica a puntuación dos apartados dos obxectivos no proxecto de dirección, correcto que se especifique o máximo posíbel, elimina a referencia a igualdade entre mulleres e homes, a non discriminación e a prevención da violencia de xénero, así como o logro do éxito escolar, ás veces a linguaxe di moito do subconsciente da administración, pensamos que teñen que seguir aparecendo estas referencias.

Un modelo alternativo que evite a burocracia do concurso de méritos cando hai unha selección entre o profesorado do propio centro.

A orde que se publica anualmente para a selección das direccións está totalmente condicionada polo **Decreto 222/2022**. Aquel decreto foi moito máis alá da fixación dunhas normas básicas que puidesen mudarse na negociación da convocatoria do concurso de méritos. A negativa da Consellaría e a imposición dun decreto sen marxe de manobra converteu a “negociación” desta orde nun mero trámite.

A **CIG-Ensin** non vai deixar de defender cal foi a proposta alternativa que presentou ao actual decreto fronte ao modelo actual:

- 📌 **Un modelo diferente, que prime o profesorado do centro nun proceso de dobre volta.** A CIG-Ensin defende un sistema no que primeiro só se presenten as candidaturas do profesorado do propio centro e posteriormente, de haber prazas desertas, haxa un concurso aberto.
- 📌 A CIG-Ensin é partidaria de que **o curso de dirección sexa un mérito e non un requisito**. De manterse o requisito do curso de dirección, solicitamos que o persoal docente que desempeñase durante máis de dous anos o posto de director ou directora ou catro noutro cargo directivo estea exento de facelo. E, sobre todo, **solicitamos que se elimine a obrigatoriedade de realizar o curso para quen tivo nomeamento extraordinario**.
- 📌 Propoñemos **que se poida eximir do requisito do curso de dirección** a aquel profesorado que se atope nalgunha das dúas seguintes situacións:
 - ✅ Profesorado que solicitou participar nos cursos de formación na función directivo e non obtivo praza. Hai moitas persoas que quedan fóra nun ano ou varios e nalgúns casos mesmo formando parte de equipos directivos.
 - ✅ Profesorado que está nestes momentos realizando un curso de dirección (p. ex. UNED) e o remata fóra do prazo da presentación de solicitudes.
 - ✅ Cursos de formación para a función directiva de hai anos que non se recoñecen.

A resposta da Consellaría é negativa ao respecto de aceptar os cursos que non rematen antes do prazo de presentación de instancias. No caso de cursos antigos non dan resposta.

- 📌 Seguimos demandando que se elimine a entrevista e que a **avaliación ou proposta do claustro sexa vinculante**, tanto para os nomeamentos (extraordinario ou accidental) como para a avaliación e revogación.
- 📌 A CIG-Ensin defende que só o funcionariado dos corpos docentes poida formar parte das equipos de dirección, evitando o que ocorre nos CIFP.
- 📌 A **comisión de selección** debe estar conformada de acordo coa proposta da CIG-Ensin aprobada polo Consello Escolar de Galiza en decembro de 2021:
 - 2 persoas designadas pola dirección territorial (unha da inspección e outra que exerza como directora ou director) *en vez* de dúas da inspección.
 - 4 docentes elixidos polo claustro (*en vez* dunha directora e director e tres docentes elixidos polo claustro)
 - 3 *representantes non docentes elixidos polo consello escolar*.
- 📌 A **CIG-Ensin** defende que nos casos singulares regulados no artigo 6 (*centros incompletos* nos que o número total de docentes é inferior a 4 ou polo número de candidaturas non se poden elixir 3 ou 2 *docentes*) non se elixa comisión e que **sex** directamente o Consello Escolar, con presenza dunha representación da Consellaría, quen seleccione á dirección. Na **composición da comisión en centros incompletos** a Consellaría mantivo no decreto a decisión de meter a toda costa á inspección educativa en todas as comisións. Falamos de centros nos que non se poida nomear a dous docentes e nos que a comisión quedará constituída por tres persoas unha persoa do corpo de inspección, unha profesora ou profesor do centro e unha integrante non docente do consello escolar.
- 📌 En canto ao baremo fixado polo decreto seguimos a considerar que hai apartados que deberían cambiar como é o caso do **apartado 2.3**, eliminando a puntuación por cargos de subdirector ou xefatura de servizo na Administración educativa.

Propostas ao articulado da orde

Artigo 3.1.c. Debe indicarse que o proxecto estea redactado en galego.

Artigo 5. A sede da comisión debe ser no propio centro, evitando que quede condicionada pola decisión da presidencia.

Artigo 7.4. Entrevista. Mantemos que a entrevista non debe existir.

Artigo 7.6. Transparencia. A CIG-Ensino considera que non abonda con colgar a información no taboleiro do centro. Demandamos a publicación tanto da resolución provisional como definitiva das puntuacións e a selección final na páxina web da Consellaría, creando unha aplicación específica como no caso das oposicións. Cada comisión colgaría na súa sección toda a documentación, aumentando a transparencia e facilitando a consulta por parte de todas as persoas interesadas.

Baremo. Apartado 2.6. A CIG-Ensino demanda neste concurso, como en todos os demais, que se recoñezan todas as funcións e coordinacións didácticas que realmente se desempeñan.

Insistimos no despropósito que supón que haxa cargos que non se recoñezan a día de hoxe, malia as continuas demandas da CIG-Ensino, como é o caso de igualdade, bibliotecas, edixgal, polos creativos, xefaturas de departamento de ámbitos na FP Básica ou segundas linguas estranxeiras.

A Consellaría debe traer con carácter inmediato unha orde que recoñeza e retribúa estas funcións, mais aínda que isto non se faga a administración pode, nunha convocatoria como esta regular expresamente o que se puntúa. Só se requiriría unha certificación da dirección

visada pola inspección educativa para acreditar esas funcións.

O traballo realizado debe ser recoñecido e remunerado

Seguimos reclamando que se regulen as **substitucións dos cargos directivos, igual que facemos co resto de cargos de coordinación e xefatura de departamentos**, nos casos nos que é necesario incorporar nas súas funcións a docentes que non forman parte da equipo directivo (baixas longas,...) e que sempre se paguen e contabilicen como méritos.

Non pode ser que unha directora ou director colla a baixa e a persoa que os substitúa nesa función non cobre nin se lle puntúe ou que se resinta o traballo da dirección se a substitución se realiza con outra persoa integrante da dirección.

A Consellaría de Educación non acepta ningunha proposta da CIG-Ensino apoiándose no decreto.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º Andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 253 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal